

## Acta da reunión do Consello de Departamento

## ASISTENTES

Álvarez Sabucedo, Luis M.  
Blanco Fernández, Yolanda  
Burguillo Rial, Juan C.  
Cacero Rodríguez, Manuel  
Costa Montenegro, Enrique  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Veiga, Manuel  
Fernández Vilas, Ana  
García Duque, Jorge  
Gil Castiñeira, Felipe J.  
Gil Solla, Alberto  
González González, Alfredo  
Herrería Alonso, Sergio  
Lago Ramilo, Marcos  
Llamas Nistal, Martín  
López Ardao, José C.  
López García, Cándido A.  
López Nores, Martín  
Mikic Fonte, Fernando A.  
Pazos Arias, José J.  
Rodríguez Hernández, Pedro S.  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Suárez González, Andrés

## ESCUSAN ASISTENCIA

López Bravo, Cristina  
Sousa Vicira, M<sup>a</sup> Estrella

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 11 de abril de 2018, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na sala de xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 11 de abril de 2018 ás 13:05 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.  
Apróbase, por asentimento, a acta do día 28 de febreiro de 2018.
2. Informe do Director.  
O Director informa sobre os seguintes temas:
  - A visita da comisión externa para a acreditación do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación celebrarase o día 23 de maio.
  - Os alumnos de 4º curso do Grao en Enxeñaría de Telecomunicación asistirán o vindeiro 3 de maio a unha presentación do Máster en Enxeñaría Telemática e do Máster en Ciberseguridade.
  - O profesor Manuel J. Fernández Iglesias disfrutará dun ano sabático no vindeiro curso académico, mentras que Luis E. Anido Rifón incorpórase trala finalización do seu.
  - O profesor Ubaldo M. García Palomares xubilarase o 31 de xaneiro de 2019 (asinando un documento no que se reflecta esa data), razón pola que soamente se lle asignará a metade do seu encargo docente durante a elaboración do POD do curso 2018-2019.
3. Análise da situación da asignatura “Xestión de incidentes” do Máster en Ciberseguridade no curso académico 2018-2019.  
Ante a falta de docente para a parte práctica desta asignatura (11 horas), Ana Fernández Vilas, en calidade de coordinadora do Máster en Ciberseguridade, explica que se están a estudar varias alternativas, incluíndo a procura dun profesor noutro departamento da Universidade de Vigo, a contratación dun conferenciante externo e mesmo a retirada da asignatura da oferta de optatividade da UVIGO no devandito Máster (no caso de non atopar ningún candidato).
4. Visto bo, se procede, á proposta de procedemento para a elaboración do POD do curso 2018-2019.  
Na mesma liña do que se fixo durante a elaboración do POD do curso 2017-2018, o Director propón a posibilidade de xestionar a folgura dispoñible creando unha bolsa de horas co gallo de evitar a fragmentación das asignaturas e facilitar a asignación ós profesores que elixen docencia nas últimas posicións. Esa bolsa contará de comezo con 100 horas e incrementarase coas renuncias voluntarias de folgura que fagan os profesores do Departamento. O profesor Manuel Fernández Veiga fai constar que non está dacordo con que o único criterio seguido na elaboración do POD sexa o de “xerarquía e antigüidade”, manifestando asemade a conveniencia de recoller por escrito as pautas que se seguirán en tal proceso. Como alternativa ó mecanismo descrito pola Dirección, o profesor Manuel Fernández Veiga propón prescindir da devandita bolsa de horas e repartir a folgura dispoñible equitativamente entre tódolos profesores do Departamento. Trala votación (18 votos a favor da bolsa de horas, 1 voto a favor da proposta de Manuel Fernández Veiga e 6 abstencións), apróbase a proposta da Dirección.

5. Asuntos de trámite  
Non hai.
6. Rogos e preguntas.  
A profesora Rebeca P. Díaz Redondo roga que os procedementos concernentes á elaboración do POD sexan tratados con maior antelación no futuro. O Director anima ós membros do Consello a propoñer mecanismos alternativos ós aplicados actualmente que poidan ser debatidos e considerados nos vindeiros cursos académicos.  
O profesor Manuel Fernández Veiga roga que a sala da anterior sede da secretaría do Departamento esté permanentemente aberta para poder usar a fotocopiadora/escáner dispoñible na mesma. O Director lembra que xa se solicitou un lector de pegada dixital para controlar ó acceso. Mentras non sexa instalado, a sala estará aberta e será o persoal de Conserxería o que se encargue da súa apertura e peche.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:03 do día 11 de abril de 2018, da que eu como Secretaria do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

A Secretaria do Departamento

Dr. D. Raúl F. Rodríguez Rubio

Dra. D<sup>a</sup>. Yolanda Blanco Fernández